

## Acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade de 3 de marzo de 2016

### Asistentes:

Pita Grandal, Ana María  
Allegue Aguete, Pilar  
Aneiros Pereira, Jaime  
Barreiro Carril, M<sup>a</sup> Cruz  
Fernández Acevedo, Rafael  
Torres Pérez, Francisco

Bergareche Gros, Almudena  
Caballero Fernández, Gloria  
Costas Comesaña, Julio  
Domínguez Rubira, Carmen  
Fernández Carballo-Calero, Pablo  
García Gestoso, Noemí  
Ibáñez Paz, Regina  
Mariño de Andrés, Ángel M.  
MartínezHens, Helena  
Martínez Táboas, María Teresa  
Muleiro Parada, Luis Miguel  
Orge Míguez, José Carlos  
Ruiz Hidalgo, Carmen  
Trigo Gómez, Pilar

Estévez Abeleira, Teresa  
Jiménez Alemán, Aday  
Montesinos Padilla, Carmen

Fernández García, Heitor  
García Espadín, Desirée  
Gil Vázquez, Zulema  
González Fontán, Carla  
López Troncoso, Tamara  
Pino Suárez, Óscar  
Ramírez Martínez, Mariana  
Rivera González, Paula  
Vázquez Fernández, Roberto

Castro Abreu, José Carlos de  
García Freiría, Mónica  
Rubianes Ferro, José Luis

Macías Cambra, Henrique  
Ramil Vázquez, Paula

Excusan asistencia:  
Barahona Martín, Magdalena  
Grande Seara, Pablo  
PachoBlanco, Xosé Manuel  
Rodríguez Damián, Amparo  
López Prieto, María Nieves  
Diéguez Rodríguez, Miguel

O 4 de marzo de 2016, a las 13:00 horas en segunda convocatoria, deu comezo a reunión ordinaria da Xunta de Facultade, coa seguinte orde do día orden:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes da Sra. Decana.
3. Adopción, se procede, de acordo sobre a continuación ou suspensión temporal do curso complementario en Relacións Laborais e Recursos Humanos.
4. Aprobación, se procede, da proposta de activación de optativas para o Grao en Dereito.
5. Aprobación, se procede, da PDA das titulacións do Centro para o curso académico 2016/17.
6. Aprobación, se procede, da PDA do Doble Grado ADE-Dereito para o curso 2016/17.
7. Aprobación, se procede, do límite de prazas para as titulacións do Centro para o curso académico 2016/17.
8. Aprobación, se procede, da asignación de recoñecementos de actividades de xestión da docencia para o curso 2016/17.

9. Aprobación, se procede, do Regulamento de Asignación de Taquillas do Centro.
10. Aprobación, se procede, do representante do alumnado na Comisión de Coordinación do Grao en Dereito.
11. Aprobación, se procede, da memoria económica do orzamento do exercicio 2015.
12. Aprobación, se procede, da distribución do orzamento para o exercicio 2016.
13. Rogos e preguntas.

### **1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

En relación coa acta da sesión anterior (18 de febreiro de 2016) pónse de manifesto a ausencia, no listado de asistentes da profesora Noemí García Gestoso e da alumna Mariana Ramirez Martínez que si asistiran á devandita Xunta.

Por outra banda, a profesora Noemí García Gestoso formula alegacións á acta do 18 de febreiro. A Decana entende que a maior parte das alegacións son observacións de redacción que non implican unha modificación do contido. Tras un debate, acórdase que no punto sétimo da orde do día, cando se aborda a composición da Comisión de Relacións Internacionais e Institucionais (páxina 6) a seguinte frase quede redactada como segue: *A profesora García Gestoso renuncia á súa pertenza á Comisión ante o rexeitamento que manifestan as verbas da Decana.* Ademais pide que conste en acta a súa declaración de que se puxo obxeccións para asistir á Comisión, que o digan os membros da mesma, e non soamente a Decana.

Apróbase a acta do 18 de febreiro, coas modificacións explicadas en canto ás persoas asistentes, así como on que atinxe ó punto sétimo da orde do día, tal e como se acaba de describir.

Ademais, neste punto, a profesora García Gestoso pide que conste na presente acta da sesión de 3 de marzo de 2016, que na reunión do 18 de febreiro a Decana dixera que a nova proposta na composición da Comisión facíase para dar facilidades a non asistir á Comisión pero que ela asistira a tódalas reunións que fora convocada.

### **2. Informes da Sra. Decana.**

A Decana informa dos seguintes puntos:

- Dende Decanato remitírase un mail ás Áreas para que fagan peticións de libros.
- No mes de abril terá lugar a visita dos auditores para a acreditación do Máster en Abogacía e do Grao en RR.LL.
- O 14 de marzo terá lugar unha xornada sobre as saídas profesionais das carreiras diplomáticas, e se farán outras xornadas sobre outras saídas profesionais (coa Decana do Colexio de Notarios e con funcionarios da Inspección do Traballo e da Seguridade Social). O programa farase público na vindeira semana.

- Estanse a realizar as visitas aos centros de secundaria e formación profesional para promocionar o Centro. A Decana informa que se hai algún docente que desexe colaborar co Decanato nesta tarefa, pode enviar un mail o Decanato que farase cargo dos gastos de transporte.

### **3. Adopción, se procede, de acordo sobre a continuación ou suspensión temporal do curso complementario en Relacións Laborais e Recursos Humanos.**

A Decana explica que coa implantación do novo plan de estudos do Grao en RR.LL hai unha materia que o alumnado do curso complementario en RR.LL non podería cursar o próximo curso, pois se extingue na titulación antiga do Grao en RR.LL. Neste contexto, ofertar o curso complementario para o curso 2015/16 implicaría ofertar unha materia unicamente para o alumnado do curso complementario, que, no presente curso, foi moi pouco numeroso. E no curso 2016/17, polas mesmas razóns, habería que ofertar adicionalmente outra materia.

A Decana aclara que é necesario continuar co curso complementario, pese a que a Reitoría lle informou sobre a existencia dunha Resolución da Dirección Xeral de Política Universitaria, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros (29 de enero de 2016) polo que se determina o nivel de correspondencia ao nivel do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior do Título Universitario Oficial de Diplomado en Relaciones Laborales. A Decana explica que a equiparación establecida neste Acordo non serve para que os diplomados poidan acceder directamente a oposicións do nivel máis alto. Por isto, tratará de aclarar este tema coa Vicerreitora de Profesorado para determinar cales son os efectos da devandita equiparación.

O alumno Roberto Vázquez Fernández pregunta cál será a situación do alumnado que xa empezou o curso complementario. A Decana di que tal alumando tén dereito a exame pero non a docencia.

A Xunta de Facultade, acorda, por asentimento, suspender temporalmente o curso complementario ata que no curso 2018/2019 (curso no que se implantará o cuarto curso de RR.LL do Plano novo poida volver a ofertarse por estar tódalas materias do Plano novo implantadas.

### **4. Aprobación, se procede, da proposta de activación de optativas para o Grao en Dereito.**

A Decana explica que a proposta do Decanato é activar tódalas optativas, xa que cada unha delas non debería ter máis de vinte e cinco estudantes.

Apróbase, por asentimento, a activación de tódalas optativas para o Grao en Dereito (Plano novo).

## **5. Aprobación, se procede, da PDA das titulacións do Centro para o curso académico 2016/17.**

A Decana explica en primeiro lugar a proposta de PDA no Grao en Dereito (plano antigo e plano novo).

A profesora Teresa Martínez Táboas manifesta o seu desacordo co feito de que certas materias do primeiro curso do Grao en Dereito (Plano novo) teñen catro grupos prácticos, mentres outras teñen cinco. Tras un debate, propón que as materias con parámetros idénticos (número de alumnos, tipo de materia en canto a contido de dereito positivo ou non) poidan turnarse de curso en curso de maneira que as que durante un curso conten con catro grupos prácticos, poidan contar no vindeiro curso con cinco, en detrimento das que tiveran no curso anterior cinco, que no vindeiro terían catro.

A Decana explica que podería adoptarse tal criterio pero sempre quedaría condicionado, a que se poida facer, pois se os parámetros cambian, a distribución de grupos entre as materias tamén ten que cambiar. Neste contexto a Decana explica que cada vez hai máis profesores que poden impartir docencia en inglés e iso tamén é un condicionante. A Decana recolle a petición da profesora Martínez Táboas, pero explica que non podemos vincular a outra Xunta que queira ofertar máis materias en inglés, e recorda que a recepción de alumnado Erasmus na Facultade implica horas de recoñecemento.

A Decana explica, en relación con este punto, que a proposta inclúe grupos extras para as materias que se ofertarán en inglés: "Dereito financeiro e tributario II" (un grupo teórico, máis outro práctico), e a materia optativa "Régime Fiscal da Empresa" (un grupo teórico, máis outro práctico).

A Decana explica que polo que atinxe á adscripción das materias aos Departamentos, a proposta do Decanato é asignar as materias ó Departamento que corresponda segundo as áreas ás que se adscribiu a docencia nas Memorias dos planos de estudo. En particular, respecto ás materias de Formación Básica, e, a pesar de que a Reitoría pide aos centros establecer unha lista priorizada de Departamentos que poidan impartir as materias de Formación Básica, o Decanato propón non elaborar a devandita lista senón asignar cada unha desas materias a un só Departamento, segundo o criterio referido anteriormente.

Apróbbase, por asentimento, a PDA para o Grao en Dereito, nos termos explicados, tal e como figura no anexo I (Plano antigo) e no anexo II (Plan novo).

A Decana pasa a explicar a proposta da PDA do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos. Explica que por petición do profesorado de Dereito constitucional e co fin de dar cumprimento a unha das accións de mellora, proponse un grupo extra (un grupo teórico, máis outro práctico) da materia "Dereito constitucional" para ser impartido en inglés.

A Decana explica que por un erro no envío dos documentos excel por parte da Vicerreitoría, non figura, na documentación da PDA do Grao en RRLL (Plan novo) enviada aos membros da Xunta, a materia "Principios de Economía", para a que se propón dous grupos teóricos e catro grupos prácticos (como para o resto das materias do mesmo curso).

A Decana explica que polo que atinxe á adscripción das materias aos Departamentos, e igual que para a titulación de Dereito, a proposta do Decanato é asignar as materias ó Departamento que corresponda segundo as áreas ás que se adscribiu a docencia nas Memorias dos planos de estudo. En particular, respecto ás materias de Formación Básica, e, a pesar de que a Reitoría pide aos centros establecer unha lista priorizada de Departamentos que poidan impartir as materias de Formación Básica, o Decanato propón non elaborar a devandita lista senón asignar cada una desas materias a un só Departamento, segundo o criterio referido anteriormente.

A alumna Paula Rivera pregunta cal é a razón de que o Plano de Estudos en RR.LL inclúa a materia “Dereito mercantil”. A Decana explica que moitos egresados atopan traballo en asesorías no ámbito mercantil, tributario ou contable.

Apróbase, por asentimento, a PDA para o Grao en RR.LL, nos termos explicados, tal e como figura no anexo III (Plan antigo) e no anexo IV (Plan novo).

### 6. Aprobación, se procede, da PDA do Doble Grado ADE-Dereito para o curso 2016/17.

Apróbase, por asentimento, a PDA do Doble Grado ADE-Dereito, conforme a proposta enviada aos membros da Xunta, e coa adscripción aos Departamentos incluídos na proposta, que segue a continuación:

Código	Contido	Ti p o	Depto	Cua d.	C re d.	N · N v	N.Rep	N.Ef	N. L E	HA	HB	H C	G A	G B	G C	H.Ma tríc	H.Imp art	PO D-A	PO D-B	PO D-C	TMG	Presen
<b>1º Curso</b>																						
G720111	Dereito: Teoría do dereito	FB	D00x02	1SG	9	41	2	43	0	53	24	0	1	1	0	3386,3	76,5	<b>53</b>	<b>24</b>	<b>0</b>	44,26	34
G720112	Matemáticas: Matemáticas	FB	D00c06	1SG	9	43	4	47	0	37,5	30	7,5	1	2	4	3701,3	127,5	<b>37,5</b>	<b>60</b>	<b>30</b>	29,03	33,333333
G720113	Empresa: Fundamentos de administración	FB	D00x09	1SG	6	44	2	46	0	30	15	5	1	1	1	2415	50	<b>30</b>	<b>15</b>	<b>5</b>	48,30	33,333333
G720114	Dereito: Dereito romano	FB	D00x02	1SG	6	42	4	46	0	36	15	0	1	1	0	2415	51	<b>36</b>	<b>15</b>	<b>0</b>	47,35	34
G720115	Economía: Economía española e mundial	FB	D00x06	1SG	6	44	1	45	0	30	15	5	1	1	1	2362,5	50	<b>30</b>	<b>15</b>	<b>5</b>	47,25	33,333333
G720121	Dereito: Dereito constitucional I	FB	D00x03	2SG	9	42	3	45	0	53	24	0	1	2	0	3543,8	100	<b>53</b>	<b>47</b>	<b>0</b>	35,44	34
G720122	Estatística: Estatística	FB	D00c05	2SG	6	43	3	46	0	22,5	23	5	1	1	1	2415	50	<b>22,5</b>	<b>23</b>	<b>5</b>	48,30	33,333333
G720123	Empresa: Xestión de empresas	FB	D00x09	2SG	6	43	1	44	0	30	15	5	1	2	2	2310	70	<b>30</b>	<b>30</b>	<b>10</b>	33,00	33,333333
G720124	Historia: Historia do dereito	FB	D00x03	2SG	6	41	2	43	0	36	15	0	1	1	0	2257,5	51	<b>36</b>	<b>15</b>	<b>0</b>	44,26	34
G720125	Economía: Microeconomía	FB	D00x08	2SG	9	43	2	45	0	52,5	15	7,5	1	1	1	3543,8	75	<b>52,5</b>	<b>15</b>	<b>7,5</b>	47,25	33,333333
<b>2º Curso</b>																						
G720211	Dereito: Dereito constitucional II	FB	D00x03	1SG	6	38	0	38	0	36	15	0	1	1	0	1995	51	<b>36</b>	<b>15</b>	<b>0</b>	39,12	34
G720212	Dereito: Introducción ao dereito civil e dereito da persoa	FB	D00x02	1SG	6	37	0	37	0	36	15	0	1	1	0	1942,5	51	<b>36</b>	<b>15</b>	<b>0</b>	38,09	34
G720213	Empresa: Matemática das operacións financeiras	FB	D00x07	1SG	6	41	0	41	0	22,5	23	5	1	2	2	2152,5	77,5	<b>22,5</b>	<b>45</b>	<b>10</b>	27,77	33,333333
G720214	Econometría	OB	D00x06	1SG	6	40	0	40	0	30	15	5	1	2	2	2100	70	<b>30</b>	<b>30</b>	<b>10</b>	30,00	33,333333
G720215	Macroeconomía	OB	D00x08	1SG	6	41	0	41	0	30	15	5	1	1	1	2152,5	50	<b>30</b>	<b>15</b>	<b>5</b>	43,05	33,333333
G720216	Dereito da Unión Europea	OB	D00x03	1SG	6	59	0	59	0	36	15	0	2	2	0	3097,5	102	<b>72</b>	<b>30</b>	<b>0</b>	30,37	34

G720221	Empresa: Contabilidade financeira I	FB	D00x07	2SG	6	41	0	41	0	30	15	5	1	2	2	2152,5	70	30	30	10	30,75	33,3333
G720222	Dereito penal I	OB	D00x03	2SG	9	40	0	40	0	53	24	0	1	2	0	3150	100	53	47	0	31,50	34
G720223	Dereito civil I, Obrigas e contratos	OB	D00x02	2SG	6	42	0	42	0	36	15	0	1	2	0	2205	66	36	30	0	33,41	34
G720224	Dereito internacional público	OB	D00x03	2SG	9	41	0	41	0	53	24	0	1	1	0	3228,8	76,5	53	24	0	42,21	34
G720225	Políticas económicas	OB	D00x06	2SG	6	42	0	42	0	30	15	5	1	1	1	2205	50	30	15	5	44,10	33,3333
<b>3º Curso</b>																						
G720311	Dereito administrativo I	OB	D00x03	1SG	9	42	0	42	0	53	24	0	1	2	0	3307,5	100	53	47	0	33,08	34
G720312	Dirección de operacións	OB	D00x09	1SG	9	42	0	42	0	37,5	38	0	1	2	0	3307,5	112,5	37,5	75	0	29,40	33,3333
G720313	Dereito penal II	OB	D00x03	1SG	6	42	0	42	0	36	15	0	1	2	0	2205	66	36	30	0	33,41	34
G720314	Dereito civil II, Dereitos reais	OB	D00x02	1SG	6	42	0	42	0	36	15	0	1	2	0	2205	66	36	30	0	33,41	34
G720315	Contabilidade financeira II	OB	D00x07	1SG	6	42	0	42	0	30	20	0	1	2	0	2205	70	30	40	0	31,50	33,3333
G720321	Sistema xudicial español e proceso civil	OB	D00x03	2SG	9	42	0	42	0	53	24		1	2	0	3307,5	100	53	47	0	33,08	34
G720322	Dirección de recursos humanos	OB	D00x09	2SG	9	42	0	42	0	37,5	38	0	1	2	0	3307,5	112,5	37,5	75	0	29,40	33,3333
G720323	Decisións de investimento	OB	D00x07	2SG	6	42	0	42	0	30	20	0	1	2	0	2205	70	30	40	0	31,50	33,3333
G720324	Dirección comercial I	OB	D00x09	2SG	6	42	0	42	0	30	20	0	1	2	0	2205	70	30	40	0	31,50	33,3333
G720325	Teoría da organización	OB	D00x09	2SG	6	42	0	42	0	30	20	0	1	2	0	2205	70	30	40	0	31,50	33,3333
					#				##	#	60					81191	2302	373	464	0	35,27	33,65

Respecto das materias de Formación Básica, o Decanato propón, igual que no punto anterior, non elaborar a devandita lista priorizada de Departamentos, senón asignar cada una das materias a un só Departamento, segundo as áreas ás que se adscribiu a docencia nas Memorias dos planos de estudo.

### **7. Aprobación, se procede, do límite de prazas para as titulacións do Centro para o curso académico 2016/17.**

A Decana propón manter o límite de prazas fixado para o curso anterior, que é o seguinte:

- Para Dereito: 80 prazas, 5 prazas por traslado e 10 prazas por cambio de centro (se as prazas reservadas para o cambio de Centro non se cobren, poden acrecer as de traslado. Das 80 prazas, 10 son para o Doble Grao ADE- Dereito.
- Para RR.LL: 80 prazas e 5 prazas por traslado.

Apróbase a proposta do Decanato por asentimento.

### **8. Aprobación, se procede, da asignación de recoñecementos de actividades de xestión da docencia para o curso 2016/17.**

A Decana explica que a bolsa de horas de recoñecemento que recibiu o centro é de 512 horas.

A proposta que trae o Decanato é asignar horas de recoñecemento polos seguintes conceptos:

- Titores PAT (un por curso, para as titulacións de Dereito e RR.LL, 2016/17). Dado que se convocarán eleccións a Decano/a en xullo, non figuran os nomes das persoas que realizarán estas tarefas de titorización, que poderá decidirse en setembro, segundo o estime conveniente o novo equipo decanal. O Decanato propón recoñecer 5 horas para cada titor. Para o titor PAT do dobre Grado o Decanato propón 15 horas pois se trata de tres cursos, se ben, entende que

posteriormente, poderían asumir esta tarefa varias persoas (é necesaria esta tarefa, xa que o coordinador do Doble Grao é un profesor da Facultade de Económicas).

- Membros de tribunais TFGs do curso 2015/16. O Decanato propón recoñecer 7 horas para cada un dos membros titulares, tendo en conta que no presente curso académico se incrementaron o número de convocatorias.

- Coordinación de materias: O Decanato propón recoñecer 5 horas para materias de 9 créditos e 3 horas para materias de 6 créditos, sempre que o profesorado sexa contratado a tempo completo ou indefinido. No caso de que a coordinación corresponda a dúas persoas, prorratearase o recoñecemento. A Decana explica que o recoñecemento de coordinación de materias correspóndese coas obrigas derivadas da referida coordinación: asistencia a reunións, resposta aos correos enviados polo coordinador/a dos Graos, reunións de formación, elaboración de guías docente e cronogramas.

- Coordinación do Grao en Dereito para o curso 2016/2017: 50 horas (o responsable será nomeado polo novo equipo decanal).

- Coordinación do Grao en RRLL: 45 horas (o responsable será nomeado polo novo equipo decanal).

- As restantes horas, serán atribuídas ao Responsable de calidade do centro, que será nomeado polo novo equipo decanal.

Os membros da Xunta de Facultade aprobaron por asentimento os criterios referidos e, trala detección dalgún erro na documentación enviada e que foi posto de manifesto no momento da celebración da Xunta, aprobáronse por asentimento os recoñecementos tal e como seguen a continuación:

	<b>NOME DO PROFESOR/A</b>	<b>Nº HORAS</b>	<b>NOME DO RECOÑECEMENTO</b>
Tribunais TFG	Costas Comesaña, Julio	7	Organización Docente
	Velázquez Pérez, Rafael Andrés	7	Organización Docente
	Ruiz Hidalgo, María del Carmen	7	Organización Docente
	Cabeza Pereiro, Jaime	7	Organización Docente
	Mariño de Andrés, Ángel Manuel	7	Organización Docente
	Arias Martínez, María Antonia	7	Organización Docente
	Rodríguez Rodríguez, Emma	7	Organización Docente
	Rodríguez Damían, Amparo	7	Organización Docente
	Montesinos Padilla, Carmen	7	Organización Docente
	Martínez Yáñez, Nora	7	Organización Docente
	Trigo Gómez, Pilar	7	Organización Docente
	Annina Cristina Burgin Piñeiro-Oliveira	7	Organización Docente
Titores PAT 16/17	Tutor PAT 1º curso Derecho	5	Organización Docente
	Tutor PAT 2º curso Derecho	5	Organización Docente
	Tutor PAT 3º curso Derecho	5	Organización Docente
	Tutor PAT 4º curso Derecho	5	Organización Docente
	Tutor PAT 1º curso RRLL	5	Organización Docente
	Tutor PAT 2º curso RRLL	5	Organización Docente
	Tutor PAT 3º curso RRLL	5	Organización Docente
	Tutor PAT 2º curso RRLL	5	Organización Docente
	PAT DOBLE GRADO	15	Organización Docente
Curso 2016/17	Responsable Intercambio	30	Apoio a Actividades de Intercambio de Estudiantes
Curso 2016/17	Coordinador del Grado en Derecho	50	Coordinación Grao
Curso 2016/17	Coordinador del Grado en RRLL	45	Coordinación Grao
Curso 2016/17	Responsable Calidad Centro	40	Apoio á Calidade
Curso 2016/17	Responsable Prácticas	30	Apoio Programas de Prácticas
Coord. materias	Tato Plaza, Anxo (DM II, 6 créditos)	3	Organización Docente
	Pazos Pérez, Alexandre (DT, 9 créditos)	5	Organización Docente
	Barreiro Carril, María Cruz (DFT II, 6 créditos)	3	Organización Docente
	Santamaría Conde, Juan José (EE, 6 créditos), obligat. De 4º.	3	Organización Docente
	Velázquez Pérez, Rafael Andrés (DIP, 9 créditos)	5	Organización Docente
	Piñeiro García, María del Pilar (Fundamentos AE, 6 créditos) (CD)	3	Organización Docente
	Pazo Martínez, María Consuelo (Fund. Econ. Defensa comp, 6 créditos)	3	Organización Docente
	Rodríguez Damian, Amparo (I, 6 créditos)	3	Organización Docente
	Noriega Rodríguez, Lydia	3	Organización Docente
	García Gestoso, María Noemí (C I, 9 créditos)	2,5	Organización Docente
	Bergareche Gros, Almudena (C I, 9 créditos Doble Grado)	2,5	Organización Docente
	Fuenteseca Degeneffe, Margarita (DR, 6 créditos)	3	Organización Docente
	Loveira Pazo, Rosa María (Economía, 6 créditos)	3	Organización Docente
	André Fernández, Rafael (contab, 6 créditos)	3	Organización Docente
	García Gestoso, María Noemí (C II, 6 créditos)	3	Organización Docente
	Martínez Táboas, María Teresa (HD, 6 créditos)	3	Organización Docente
	Mariño de Andrés, Ángel Manuel (DC II, 6 créditos)	3	Organización Docente
	Vicente Remesal, Javier de Vicente (DP I, 9 créditos)	5	Organización Docente



Burgin, Annina (DIP, 9 créditos)	5	Organización Docente
Burgin, Annina (DUE, 9 créditos Doble Grado)	2,5	Organización Docente
García Gestoso, Noemí (DUE, 6 créditos)	2,5	Organización Docente
Fernández Acevedo, Rafael (DA I, 9 créditos)	3	Organización Docente
García Mosquera, Marta (DP II, 6 créditos)	3	Organización Docente
Mariño de Andrés, Ángel Manuel (DC I, 6 créditos)	3	Organización Docente
Martínez Hens, Helena (DC III, 6 créditos)	5	Organización Docente
Costas Comesaña, Julio (DM I, 9 créditos)	3	Organización Docente
Arias Martínez, María Antonia (DA II, 6 créditos)	5	Organización Docente
Cabeza Pereiro, Jaime (DT, 9 créditos)	5	Organización Docente
Ruiz Hidalgo, María del Carmen (DFT I, 9 créditos)	3	Organización Docente
Orge Míguez, José Carlos (Cont., 6 créditos)	3	Organización Docente
Rodríguez Rodríguez, Emma (DT I, 6 créditos)	3	Organización Docente
Domínguez Rubira, Carmen (RH, 6 créditos)	3	Organización Docente
Rodríguez Domínguez, María del Mar (DE, 6 créditos)	3	Organización Docente
Barahona Martín, Magdalena (ST, 6 créditos)	3	Organización Docente
Martínez Yáñez, Nora María (DSS, 6 créditos)	3	Organización Docente
Fernández Docampo, Belén (DT II, 6 créditos)	2,5	Organización Docente
Barahona Martín, Magdalena (TIS, 9 créditos)	2,5	Organización Docente
Trigo Gómez, Pilar (TIS, 9 créditos)	3	Organización Docente
Cabeza Pereiro, Jaime (DSS, 6 créditos)	3	Organización Docente
Rodríguez Rodríguez, Emma (DS I, 6 créditos)	3	Organización Docente
Pazos Pérez, Alexandre (TRL, 6 créditos)	3	Organización Docente
Caballero Fernández, Gloria (GTT, 6 créditos)	3	Organización Docente
Rodríguez Rodríguez, Emma (DS II, 6 créditos)	3	Organización Docente
Bouso Cedrón, José Daniel Pedro (EL, 6 créditos)	5	Organización Docente
Pita Grandal, Ana María (DFT, 9 créditos) Obligatoria	3	Organización Docente
Martín Retortillo, Rosa (Empleo Público. 6 créditos) Obligatoria	3	Organización Docente
Martín Retortillo, Rosa (Prevención de Riesgos Laborales. 6 créditos) Obligatoria	3	Organización Docente
Trigo Gómez, Pilar (Estadística, 6 créditos) Obligatoria	3	Organización Docente
de Miguel Palacios, Carlos Juan (Economía, 6 créditos) FB	3	Organización Docente
Rodríguez Lago, José Ramón (Historia, 6 créditos) FB	3	Organización Docente
Montesinos Padilla, Carmen (C, 6 créditos)	3	Organización Docente
Caballero Fernández, Gloria (Empresa, 6 créditos) FB	3	Organización Docente
Bouso Cedrón, José Daniel Pedro (Ee, 6 créditos) FB	3	Organización Docente
Orge Miguez, Jose Carlos (C, 6 créditos) FB	3	Organización Docente
Domínguez Rubira, Carmen (P, 6 créditos) Obligatoria	3	Organización Docente
	<b>512</b>	

## 9. Aprobación, se procede, do Regulamento de Asignación de Taquillas do Centro.

A Decana explica que a nova proposta do Decanato, tras o análise deste punto cos representantes do alumnado, polo que atinxe ao criterio de asignación das taquillas é reservar o quince por cento das mesmas para o alumnado con mellor expediente académico, excluíndo ao alumnado de Primeiro Curso. As restantes taquillas adxudicaranse por sorteo.

O alumno Roberto Vázquez Fernández pon de manifesto que segundo a proposta referida, habería que eliminar a frase “*No caso de alumnado dos primeiros cursos dos grados, terase en conta a nota do PAU*”, incluída no artigo 6.

Apróbase, por asentimento o Regulamento, coa seguinte redacción:

## **“REGULAMENTO DE ADXUDICACIÓN E UTILIZACIÓN DO MOBILIARIO DESTINADO AO ALMACENAMENTO DE MATERIAIS DE DOCENCIA**

### **Artigo 1. Obxeto**

Este Regulamento disciplina a adxudicación e utilización do mobiliario destinado ao almacenamento, polo alumnado, das taquillas situadas nos espazos comúns da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo.

O alumnado dos distintos graos e posgraos do centro poderá facer uso, de acordo co sinalado nos artigos seguintes.

### **Artigo 2. Titularidade**

1. A titularidade das taquillas da Facultade lle corresponda a esta, como centro da Universidade de Vigo, e non xenera ningún tipo de dereito para os usuarios máis alá do seu uso gratuíto. En ningún caso constitúe un contrato de depósito, polo que os bens situados no seu interior non se posúen, en ningún momento pola Universidade, que non responderá de posibles desperfectos ou desaparicións dos mesmos.

2. A persoa usuaria das mesmas debe facer un uso compatible coa perfecta conservación das instalacións e do mobiliario do centro. O uso non está suxeito a contraprestación de ningún tipo e é persoal e intransferible.

### **Artigo 3. Usuarios**

Para ter a condición de usuario das taquillas é preciso ter a condición de estudante da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. Polo tanto, é preciso estar matriculado nalgún grado, máster ou programa de doutoramento que se imparta no centro e que o director de tese sexa un profesor con docencia maioritaria neste centro.

### **Artigo 4. Estudantado con necesidades específicas de apoio**

O alumnado con necesidades específicas de apoio, tal e como se recolle no PIUNE da Universidade de Vigo, contará cunha taquilla cando o solicite.

### **Artigo 5. Actuacións permitidas e actuacións prohibidas.**

1. O destino principal das taquillas é o de facilitar o almacenamento de materiais docentes ou de apoio á docencia. Tamén se poderá depositar efectos persoais da persoa autorizada.

2. O único elemento de peche permitido é un candado compatible coa pechadura colocada polo fabricante, polo que non se permiten actuacións para instalar sistemas de peche distintos. O candado deberá ser de propiedade da persoa usuaria.

3. Non está permitido a almacenaxe de sustancias ilegais ou prohibidas nun centro educativo. A persoa autorizada para o seu uso poderá ser requirida polo equipo directivo do centro ou

polo persoal de administración e servizos, para mostrar o contido almacenado, sendo unha obriga a de facilitar as actuacións de control.

4. Non se poderá fixar ningún tipo de adhesivo ou de elemento nin no exterior, nin no interior das taquillas, nin grabar ningún tipo de sinal sobre os materiais que a componen. A realización dalgunha destas actividades implicará, de xeito automático, a perda do dereito á utilización así como a reparación, á súa costa, das superficies tratadas.

5. Non está permitido ceder o uso das taquillas cedidas, nin gratuíta nin onerosamente.

#### **Artigo 6. Procedemento de selección de usuarios e adxudicación**

1. Para poder optar ao uso dunha taquilla as persoas interesadas deberán formalizar una solicitude ante o Decanato da Facultade, indicando obrigatoriamente: nome, apelidos, DNI, teléfono e correo electrónico de contacto, titulación na que se atopa matriculado e curso. A tal efecto, ao inicio do curso o Decanato abrirá un período para a presentación de solicitudes que será feito público a través da páxina web da Facultade e do Taboleiro de Anuncios do Decanato.

2. Será necesario acompañar unha fotocopia do DNI, ou de calquera outro documento identificativo oficial e con foto, e un extracto do expediente académico.

O alumnado dos mestrados e programas de doutoramento debe presentar unha certificación académica que permita valorar os estudos cursados e a nota media obtida nas titulacións cursadas.

3. O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, deberá acompañar á solicitude, a documentación acreditativa das devanditas necesidades.

A tal efecto, deberá acompañar á solicitude, a documentación acreditativa das necesidades especiais.

Considérase alumnado con necesidade específica de apoio educativo o descrito como tal no PIUNE.

4. O Decanato, adxudicará as taquillas segundo o expediente académico, no quince por cento do seu número, e por sorteo no restante oitenta e cinco por cento. Tamén se respetarán as seguintes porcentaxes que se estableceron tendo o conta o número de estudantes nos distintos niveis de estudos: Grado (80%), Posgrao (15%), Doutoramento (5%).

5. A Selección de candidatos anunciarase no taboleiro de anuncios do centro e na páxina web da Facultade.

6. O adxudicatario disporá dun prazo de cinco días hábiles para presentarse no Decanato e aceptar a adxudicación.

Proporcionarase ao usuario o número de taquilla que lle corresponda e quedará rexistrada a adxudicación coa firma do mesmo.

#### **Artigo 7. Límite temporal e condicións de cese**

A utilización das taquillas non poderá estenderse máis alá do curso académico. O usuario deberá retirar as súas pertenzas e o candado de peche antes do 31 de xullo.

As taquillas que permanezan pechadas a 1 de agosto de cada ano, poderán ser abertas polo persoal de administración do centro mediante o corte do candado.

#### **Artigo 8. Responsabilidades**

O incumprimento do disposto neste regulamento implicará o requirimento de cese de uso.

Os danos e desperfectos deberán ser reparados pola persoa autorizada ao uso.

#### **Disposición derradeira**

Esta normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación pola Xunta de Facultade e se publicará nos taboleiros e na web do centro”.

#### **10. Aprobación, se procede, do representante do alumnado na Comisión de Coordinación do Grao en Dereito.**

Apróbase, por asentimento, a designación de D. Miguel Diéguez Rodríguez como representante do alumnado na devandita Comisión.

#### **11. Aprobación, se procede, da memoria económica do orzamento do exercicio 2015.**

Apróbase, por asentimento, a devandita memoria tal e como figura no Anexo V ao Acta.

#### **12. Aprobación, se procede, da distribución do orzamento para o exercicio 2016.**

Apróbase, por asentimento, a devandita distribución tal e como figura no Anexo VI ao Acta.

#### **13. Rogos e preguntas.**

Non houbo rogos nen preguntas, finalizando a reunión ás 15:00 horas do que como Secretaria dou fe.